

## FORMACIÓN EN PREVENCIÓN E SANCIÓN DO ACOSO SEXUAL E POR RAZÓN DE SEXO

---

### INTRODUCCIÓN

O Protocolo marco de actuación para a prevención e sanción do acoso sexual e por razón de sexo da Universidade de Vigo foi aprobado no Consello de Goberno do 26 de novembro de 2014 e publicado no DOGA o 7 de xaneiro de 2015 ([Texto do Protocolo](#)). Con el, a Universidade de Vigo comprométese a previr e erradicar aquelas situacións constitutivas de acoso sexual ou por razón de sexo que se produzan no ámbito universitario garantindo os dereitos fundamentais das persoas que forman parte da comunidade universitaria.

O seu artigo 7 establece:

« Prevención das situacións de acoso sexual e por razón de sexo

A Universidade de Vigo comprométese á adopción de medidas de prevención das situacións de acoso sexual e por razón de sexo, no ámbito universitario. Para tal efecto, levaranse a cabo, entre outras actividades, campañas de sensibilización e formación sobre esta temática, así coma cursos sobre prevención e formas de actuación ante tales situacións.»

Ademais, o seu artigo 15 fixa o deber de denunciar do seguinte xeito:

1. «Calquera membro da comunidade universitaria ten a obriga de comunicar ás súas xefaturas xerárquicas, ás persoas responsables de centros ou departamentos ou á presidencia da CAS calquera situación de posible acoso sexual ou por razón de sexo da que tivese coñecemento.
2. Toda persoa responsable académica ou administrativa da Universidade de Vigo estará obrigada a tramitar, de xeito inmediato, ante a CAS as denuncias verbais ou escritas, que reciba sobre calquera situación de posible acoso sexual ou por razón de sexo.»

Por todo o ata aquí dito, convócase a todas as persoas que ocupan as direccións de centros e departamentos e aos enlaces de igualdade de cada centro á **Formación en prevención e sanción do acoso sexual e por razón de sexo**.

### OBXECTIVOS

---

- Adquirir coñecementos relativos ao acoso sexual e por razón de sexo.
- Ser quen de identificar situacións de acoso sexual e por razón de sexo na Universidade.
- Coñecer a lexislación vixente en relación ao acoso sexual e por razón de sexo, especialmente a normativa da Universidade de Vigo.
- Acadar competencias para adoitar as medidas necesarias para a intervención nas situacións de acoso sexual e por razón de sexo.
- Promocionar a igualdade de xénero e previr o acoso sexual e por razón de sexo na Universidade.

## PROGRAMA

---

1. Aproximación conceptual ao acoso sexual e por razón de sexo.
2. Consecuencias para as vítimas, as organizacións e a sociedade.
3. Marco lexislativo nacional e internacional.
4. Normativa da Universidade de Vigo: *Protocolo marco de actuación para a prevención e sanción do acoso sexual e por razón de sexo da Universidade de Vigo*
5. Acoso sexual e por razón de sexo: claves para a identificación e estratexias de actuación
6. A Universidade: un espazo para a promoción da igualdade de xénero e a prevención do acoso e da violencia.

## DESENVOLVEMENTO

---

Lugar	Datas	Horario
Campus de Ourense: Salón de graos do Edificio Facultades	23 de abril de 2015	11.00 – 13.00 h
Campus de Vigo: sala I do Edificio Miralles	30 de abril de 2015	12.30 – 14.30 h
Campus de Pontevedra: Casa da Campás	14 de maio de 2015	11.00 – 13.00 h

## PROFESORADO

---

*Yolanda Rodríguez Castro*, doutora en Psicopedagogía, profesora Axudante Doutora da Universidade de Vigo do Departamento de Análise e Intervención Psicosocioeducativa. Compaxina a docencia coa súa labor como investigadora centrada no estudo do sexismo, os estereotipos, a educación sexual e a violencia de xénero.

*María Victoria Carrera Fernández*, doutora en Psicopedagogía, profesora Axudante da Universidade de Vigo do Departamento de Análise e Intervención Psicosocioeducativa. Compaxina a docencia coa súa labor investigadora, destacando as seguintes liñas de investigación: *bullying* en perspectiva de xénero, construción da identidade de xénero, sexismo, fenómenos de otredade e violencia sexual.